



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, IRIXOA 2026

1. A temática a representar é libre.
2. Poderán presentarse todos aquelas persoas interesadas, individualmente-parellas ou en grupo (3 persoas ou máis), sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.
3. As persoas interesadas poderán inscribirse das seguintes maneiras:
 - Vía rexistro telemático na Sede electrónica do Concello de Irixoa no trámite Solicitud xeral, xuntando o modelo de inscrición no Concurso de disfraces que se poderá atopar na páxina web: www.irixoa.es.
 - Presencial ou vía telefónica: no Departamento de cultura que se atopa no Concello, tel. 981 793 001.
 - Correo electrónico: enderezo de correo electrónico elisa.alonso@irixoa.es
 - O prazo de inscrición rematará o día 11 de febreiro de 2026.
 - As persoas que non se inscriban deste xeito poden facelo no mesmo día do concurso desde ás 23:30 horas do día 16 de febreiro ata ás 12:30 horas do día 17 de febreiro, na Carpa situada no campo da Festa de Irixoa.
 - No caso de menores de 18 anos, realizará a inscrición o pai/nai ou titor legal.
 - No caso de grupos a inscrición realizaraa unha persoas maior de idade en representación.
4. O Concurso de disfraces realizarase o 17 de febreiro, nunha carpa no Campo da Festa de Irixoa, a partir das 01:00 horas, para individual-parellas e grupos.
- 5.. Establécense 2 categorías:
 - Individual-parellas
 - Grupos (3 ou máis persoas)

Individual-parellas: de maneira individual poderán presentarse maiores de 14 anos, no caso de menores de 14 anos so se poderán presentar xunto cunha persoa adulta como parella.

Grupos: considerarase grupo o formado por 3 ou + persoas cunha temática común. O grupo non poderá estar composto soamente por menores de 14 anos, sempre terá que haber unha persoas adulta.
6. Soamente se poderá participar nunha das categorías, individual-parella ou grupo.

7. Os premios establecidos son os seguintes:

INDIVIDUAL -PARELLA

1º premio: 140 euros e agasallo.

2º premio: 120 euros e agasallo.

3ª premio: 100 euros e agasallo.

GRUPO (de 3 ou máis persoas)

1º premio: 240 euros e agasallo.

2º premio: 220 euros e agasallo.

3ª premio 200 euros e agasallo.

8. Os/as participantes desfilarán polo campo da Festa por diante do palco da orquestra segundo os/as vaian nomeando.

9. De maneira xeral todas as persoas participantes desfilarán coa música que dispoña a organización. Se as persoas concursantes precisan de música específica, entregárase a organización nun pen cun único tema/pista, gravado en formato música ou MP3.

No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a prevista pola organización.

10. Nomearanse un xurado que será o encargado de outorgar os premios, tendo a facultade de non admitir no concurso a aqueles participantes que consideren que non reúnen as condicións estéticas suficientes.

O xurado valorará:

- Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces
- Posta en escena (acompañamento de coreografías, instrumentos)
- Elaboración propia, artesanal
- Detalles da maquillaxe, vestiario, máscaras e demais complementos propios de Entroido.
- Temática representada, que sexa divertida e que se presenten temas de actualidade en clave cómica.

O xurado poderá declarar deserto calquera premio se a seu xuízo non se reúnen os méritos suficientes.

11. O xurado estará formado por algúns dos componentes da orquestra que actúe na Festa de entroido.

A animadora sociocultural, Maria Elisa Alonso Figueroa actuará de secretaria.

12. O fallo do xurado realizarase o mesmo día do concurso. A concesión dos premios farase pública o mesmo día, unha vez delibere o xurado.

13. Os premios aboaranse mediante transferencia bancaria tras a celebración do concurso unha vez as persoas beneficiarias envíen por mail a elisa.alonso@irixoa, a aceptación do premio xunto cun certificado da conta bancaria e do NIF da persoa que realizou a inscrición. O prazo para enviar a documentación será dun mes contado a partir do día 18 de febreiro. De non entregarse a documentación no prazo previsto perderán o dereito a cobrar o premio.

14. O evento pode ser fotografado ou gravado, as imaxes e grabación poderán ser publicadas na páxina web do Concello e nas Redes sociais. Por motivos de transparencia, os nomes das persoas gañadoras serán publicadas na páxina web do Concello. As persoas participantes terán que dar o seu consentimento.

15. Información sobre protección de datos: o responsable do tratamento é o Concello de Irixoa, con enderezo en Pazo de Irixoa, nº 6, 15313 Irixoa (A Coruña).

Finalidade do tratamento: xestionar a participación no concurso de disfraces de entroido, así como a toma e difusión de imaxes e fotografías do evento na páxina web do concello e redes sociais, xunto co nome das persoas gañadoras por motivo de transparencia, co obxectivo de promocionar a actividade realizada polo concello.

Base de lexitimación: O consentimento da persoas interesadas (artigo 6.1. a do RGPD), o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable (artigo 6.1. e do RGPD) e o consentimento de persoas menores de 14 anos (artigo 7.2 da LOPDGDD)

Conservación: os datos conservaranse mentras sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal.

Exercicio de dereitos: A persoa interesada ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE IRIXOA dispón de formularios específicos para facilitarle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios,

nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@irixoa.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

Sede electrónica: www.aepd.es

Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid

Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura a marxe.